

PROCESO ELECTORAL FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON E PÉNTATLON MODERNO.

ACTA 13. RESOLUCIÓN DAS ALEGACIONES Á PUBLICACIÓN DE ASEMBLEARIOS DESPOIS DA TOMA DE POSESIÓN.

Reunidos por medios telemáticos o día 15 de novembro de 2018 ás 16h, co fin de tratar entre outros temas, as alegacións presentadas ao acordo da Xunta Electoral respecto á conformación da asemblea xeral da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno despois da toma de posesión, recollido na Acta 11 e concretamente no punto 1.

Establécese a seguinte orde do día:


- 1- Resolución de alegacións á publicación de asemblearios despois da toma de posesión.
- 2- Publicación definitiva de asembleario pendente do recurso 124/2018
- 3- Publicación de data, hora e lugar para a celebración da asemblea de elección de presidente e comisión delegada.

Despois das aclaracións previas pasamos a desenvolver a orde do día:

- 1- Resolución de alegacións á publicación de asemblearios despois da toma de posesión.

Despois de analizar e estudar as alegacións presentadas polos seguintes membros da federación, Tríatlon Motobike Galaico Pontevedra, Club Deportivo Pinarium e Marcos Paulo Ade Schneider, procedemos a desestimar as alegacións presentadas por non achegar documentación nin aportar algunha información ou proba, que xustifique un cambio na resolución orixinal tomada por esta Xunta Electoral (en adiante XE).

Decidimos dar resposta individualizada vía correo electrónico respondendo punto por punto aos alegantes cal foi o criterio para resolver a súa alegación.

 Neste apartado dende a XE cabe lembrar que toda vez que non se cumpren os artigos 12 punto 3, onde se indican os prazos de presentación "*(...) naturais, e expirarán ás 14h do derradeiro día de prazo, salvo disposición en contrario*", xunto co artigo 23 punto 3, no referido a "*(...) no prazo máximo de cinco días dende a súa proclamación definitiva. A toma de posesión formalizarase mediante a presentación dun escrito presentado pola persoa elixida aceptado o cargo...*" onde se esixe claramente por parte dos membros elixidos un escrito de aceptación ante a XE, esta esixencia incúmprese e non se leva a cabo tal como fixeron os demais membros elixidos.

Polo tanto e en concordancia co establecido no regulamento electoral, vémonos obrigados á súa desestimación, lembrando que contra esta resolución cabe a presentación de recurso diante do CGXD, dispoñendo os alegantes de 3 días naturais dende a presente comunicación e rematado dito prazo de recurso o 19 de novembro de 2018.

2- Publicación definitiva de asembleario pendente do recurso 124/2018.

Despois da comunicación recibida por parte do CGXD referente ao recurso 124/2018, dando conta da resolución deste en favor do nomeamento de Luís Alberto Piña Refojos, unha vez recibida a aceptación do cargo por parte de dito asembleario.

A XE comunica a toma de posesión do anteriormente dito e a súa candidatura á Comisión Delegada.

3- Publicación de data, hora e lugar para a celebración da asemblea de elección de presidente e comisión delegada.

Data: sábado, 01/12/2018


Hora: 10:00

Lugar: HOTEL EUROSTARS SAN LÁZARO

AV. De Fernando de Casas Novoa S/N

15.703 Santiago de Compostela

Rematada a reunión ás 17:15h, do 15 de novembro de 2018.


Asdo.: Antón Rodríguez Prieto
Secretario da XE da FEGATRI
Co V.P. do Presidente